(Selo da Corporación) (Sinatura do Presidente) Folio N.º.....

Serie A N.º 1179815

- Que se repoña canto antes a balaustrada que foi derribada e que aínda a día de hoxe permanece coas vallas de obra e que supón un risco para os viandantes, ademais de que revisen toda a estrutura que se atopa a carón do río para evitar males maiores."

E non habendo máis asuntos a tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as vinte e tres horas e cinco minutos da data indicada no encabezamento, de todo o que, se estende a presente acta, da que, como Secretaria, dou fe.-

Nº 17 /2013

SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 9 DE OUTUBRO DE 2013

ORDE DO DIA

1. APROBACIÓN, DE SER O CASO, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2012

Na Casa do Concello, sendo as catorce horas do día nove de outubro de dous mil trece, baixo a Presidencia do alcalde Javier Bas Corugeira e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Ana María Alonso Alonso, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Erminda Quelle Fernández, Arturo González Barbeiro, Cándido Vilaboa Figueroa, Eduardo José Reguera Ocampo, Luís Alberto Orge Míguez, Digna Rosa Rivas Gómez, Antonio Cabaleiro Millares, Leonardo Cabaleiro Couñago, Antonio Vázquez Saco, Leticia González Guisande, José García Míguez, Cecilia Pérez Orge, Xoan Carlos González Campo e Alfonso Blanco Pérez, tamén asistiu o interventor do Concello Ángel Santamariña Rivera, actuando como secretaria a secretaria xeral da corporación Ana Begoña Merino Gil, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

Non asiste, escusando a súa ausencia, o concelleiro Julio Alonso Monteagudo

INCIDENCIAS

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.-

A Presidencia declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a tratar o primeiro punto da Orde do Día.

1. APROBACIÓN, DE SER O CASO, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

A petición do concelleiro Blanco Pérez, déixase pendente a aprobación da acta da sesión anterior correspondente á celebrada con carácter ordinario o día 26/09/2013 para os efectos de ter tempo para revisala.

2. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2012

ANTECEDENTES

Expediente relativo á conta xeral do Concello de Redondela do ano 2012 co seguinte resumo:

"A) BALANCE DE SITUACIÓN: Que expresa a composición e situación patrimonial da entidade o día do peche do exercicio; resulta cun total (ACTIVO e PASIVO) de: 44.007.291,11 euros.

B) CONTA DE RESULTADOS: Que recolle os resultados do exercicio dende o punto de vista económico-patrimonial. Produciuse un aforro de 2.173.181,61 € (mais ingresos que gastos), clasificándoos segundo a súa fonte de procedencia nas seguintes apartados:

GASTOS

2) APROVISIONAMENTOS: Destínase a recolle-los fluxos reais producidos durante o exercicio como consecuencia da adquisición de mercadorías, materias primas, outros consumibles e gastos externos. O seu importe ascendeu a 0,00 €.

3) GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS E PRESTACIÓNS SOCIAIS: Recolle os fluxos reais producidos durante o exercicio como consecuencia de gastos de persoal (4.037.726,50 €), da seguridade social a cargo da empresa (1.389.283,07 €), e das amortizacións anuais (51.694,78 €).

Así mesmo, recóllese a variación de provisións de tráfico (-234.572,84 €), e outros gastos de xestión (6.402.676,68 €).

Por outra banda, aparecen os gastos financeiros e asimilados que ascenden á cantidade de 238.707,79 €.

O importe final ascende a 11.885.515,98 €.

4) TRANSFERENCIAS E SUBVENCIÓNS: Recolle os fluxos reais que se produzan durante o exercicio como consecuencia das subvencións e transferencias outorgadas polo Concello, tanto as correntes (539.902,13 €) coma as de capital (327.397,32 €), e da un resultado de 867.299,45 €.

5) PERDAS E GASTOS EXTRAORDINARIOS: recóllese neste apartado aqueles gastos que non teñen que ver coas operacións habituais do Concello, ascendendo a (311.819,74 €).

INGRESOS

1) VENDAS E PRESTACIÓNS DE SERVIZOS: Destínase a recolle-los fluxos reais producidos durante o exercicio como consecuencia das vendas e da prestación de servizos, non tendo movemento nin vendas, nin prestación de servizos nin ingresos de prezos públicos por prestación de servizos ou realización de actividades. A súa cantidade ascende á cantidade de 0,00 €.

2) INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA: Está formado polos ingresos de xestión tributaria (impostos -6.204.998,13 €-, taxas -1.669.376,08 €-, outros ingresos tributarios -0 €) o que ascende á cantidade de 7.874.374,21 €. Coma este ano non se produciron Ingresos urbanísticos, ascende polo tanto a cantidade total ós 7.874.374,21 €.

3) OUTROS INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA: Está formado polos reintegros por importe de 6.807,87 €, traballos realizados pola entidade (0 €), outros ingresos de xestión común (189.124,92 €) e Outros intereses e ingresos asimilados (65.566,26 €).

4) TRANSFERENCIAS E SUBVENCIÓNS: Recolle os fluxos reais que se produzan durante o exercicio como consecuencia das subvencións e transferencias concedidas ó Concello, tanto as transferencias (5.284.757,77 €) e subvencións (1.562.387,89 €) correntes, coma as transferencias (0,03 €) e subvencións (239.824,19 €) de capital dando un resultado total de 7.086.970,08 €.

5) GANANCIAS E INGRESOS EXTRAORDINARIOS: que se compón de beneficios procedentes do inmobilizado, de beneficios por operacións de endebedamento, de ingresos extraordinarios e de Ingresos e beneficios doutros exercicios (14.973,44 €).

C) LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO: Conforme ó establecido na IC estrutúrase nas seguintes partes contemplándoas cos pertinentes resumos xerais:

PRIMEIRA PARTE:

LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE GASTOS: Que recolle o total dos créditos orzamentarios (18.817.372,98 euros), expresando os créditos iniciais (16.451.741,37 euros) e a suma das modificacións de crédito (2.365.631,61 euros); os gastos comprometidos (16.554.077,81 euros); o total das obrigacións recoñecidas netas (16.067.790,44 euros); os pagos (15.831.835,86 euros); as obrigas pendentes a 31 de decembro (1.697.393,02 €) e o total dos remanentes de crédito (2.749.582,54 euros).

(Selo da Corporación) (Sinatura do Presidente) Folio N.º.....

Serie A N.º 1179816

SEGUNDA PARTE:

LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE INGRESOS: Que presenta o importe das previsións definitivas (19.097.765,86 euros), distinguindo entre previsións iniciais (16.732.134,25 euros) e modificacións (2.365.631,61 euros), o total dos dereitos recoñecidos (17.774.543,13 euros); dereitos anulados (479.683,64 euros); dereitos cancelados; o total dos dereitos recoñecidos netos (17.294.859,49 euros); a recadación neta (15.284.580,37 euros); os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro (2.010.279,12 euros), así como as comparacións entre ambos por defecto e por exceso (-1.802.906,37 euros).

TERCEIRA PARTE:

RESULTADO ORZAMENTARIO: Pon de manifesto o obtido durante o exercicio por diferencia entre os dereitos recoñecidos netos e as obrigacións recoñecidas netas, axustado polas desviacións positivas de financiamento imputables ó exercicio e polos gastos financiados con remanente liquido de tesourería, e dá un resultado orzamentario axustado positivo de 45.846,32 euros, de acordo co seguinte:

RESULTADO ORZAMENTARIO

	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas
a- Operacións correntes	14.487.541,15	12.624.151,91
b- Outras Operacións non financeiras	371.073,03	2.238.282,69
1- Total operacións non financeiras (a-b)	14.858.614,18	14.862.434,60
2- Activos financeiros	7.650,00	7.650,00
3- Pasivos financeiros	2.428.595,31	1.197.705,84
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO		
	17.294.859,49	16.067.790,44
	+1.227.069,05	

AXUSTES

4- Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais 0,00

5- Desviacións de financiamento negativas do exercicio 1.187.865,39

6- Desviacións de financiamento positivas do exercicio 2.369.088,12

RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO..... +45.846,32

D) MEMORIA DA CONTA XERAL: Que segundo a IC recolle:

1º) ORGANIZACIÓN: Que presenta un resumo da organización do Concello, coa poboación e outros datos de carácter socioeconómico que contribúen a identificación da entidade, as entidades das que dependen, a estrutura organizativa do ente, o número medio de empregados, entidades dependentes, entidades públicas participadas, fundacións das que forman parte do seu padroado, e principais fontes de financiamento e a súa importancia relativa.

2º) XESTIÓN INDIRECTA DOS SERVIZOS PÚBLICOS: Que detalla os servizos que se prestan de forma indirecta e que no ano 2012 foron o servizo de explotación dun aparcamento de vehículos automóbiles, o servizo de xestión de recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos, servizo de xestión do servizo público "piscina climatizada de Redondela" e o servizo de auga e saneamento. Especificase o seu obxecto, prazos, Subvencións comprometidas, Bens de dominio público afectos, Achegas non monetarias, Anticipos ou préstamos ao xestor, e Bens obxecto de reversión.

3º) BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS: recóllense os principios contables, a comparación da información e as razóns e incidencias nas contas anuais dos cambios de criterios de contabilización.

4º) NORMAS DE VALORACIÓN: respecto a diferentes elementos do balance.

5º) INVESTIMENTOS DESTINADOS Ó USO XERAL: Recolle o saldo inicial, as entradas ou dotacións, aumentos por transferencia ou traspaso doutra conta, Saídas, baixas ou reducións, diminucións por transferencia ou traspaso doutra conta e Saldo final.

6º) INMOBILIZACIÓNS INMATERIAIS: Recolle o saldo inicial, as entradas ou dotacións, aumentos por transferencia ou traspaso doutra conta, Saídas, baixas ou reducións, diminucións por transferencia ou traspaso doutra conta e Saldo final.

7º) INMOBILIZACIÓNS MATERIAIS: Recolle o saldo inicial, as entradas ou dotacións, aumentos por transferencia transferencias ou traspaso doutra conta, Saídas, baixas ou reducións, diminucións por transferencia transferencias ou traspaso doutra conta e Saldo final.

8º) INVESTIMENTOS XESTIONADOS: Recolle o saldo inicial, as entradas ou dotacións, aumentos por transferencia ou traspaso doutra conta, Saídas, baixas ou reducións, diminucións por transferencia ou traspaso doutra conta e Saldo final. Non hai movemento.

9º) PATRIMONIO PÚBLICO DO SOLO: Recolle o saldo inicial, as entradas ou dotacións, aumentos por transferencia transferencias ou traspaso doutra conta, Saídas, baixas ou reducións, diminucións por transferencia transferencias ou traspaso doutra conta e Saldo final. Non hai movemento.

10º) INVESTIMENTOS FINANCEIROS: Recolle o saldo inicial, as entradas ou dotacións, aumentos por transferencia ou traspaso doutra conta, Saídas, baixas ou reducións, diminucións por transferencia ou traspaso doutra conta e Saldo final.

11º) EXISTENCIAS: non hai movementos.

12º) TESOURERÍA: Recolle o seu saldo inicial, os seus cobros, os seus pagos e o seu saldo final. A cantidade final ascendeu a 3.492.380,32 euros. Para maior información pode verse os estados de conciliación bancaria.

13º) FONDOS PROPIOS: Recolle o saldo inicial, as entradas ou dotacións, aumentos por transferencia transferencias ou traspaso doutra conta, Saídas, baixas ou reducións, diminucións por transferencia transferencias ou traspaso doutra conta e Saldo final.

14º) INFORMACIÓN SOBRE A DÉBEDA: Recolle o pendente a 1 de xaneiro, as creacións, as amortizacións e outras diminucións e o pendente a 31 de decembro, distinguindo entre longo e curto prazo.

15º) INFORMACIÓN DAS OPERACIÓNS POR ADMINISTRACIÓN DE RECURSOS POR CONTA DE OUTROS ENTES PÚBLICOS: Non hai movemento.

16º) INFORMACIÓN DAS OPERACIÓNS NON ORZAMENTARIAS DE TESOURERÍA: que distingue en catro apartados, debedores, acredores, partidas pendentes de aplicación (ingresos) e partidas pendentes de aplicación (gastos).

17º) INGRESOS E GASTOS: aquí se recollen as subvencións pendentes de xustificar a 31 de decembro por parte da entidade e así mesmo as subvencións concedidas que presentan un importe significativo respecto ó total.

18º) INFORMACIÓN SOBRE VALORES RECIBIDOS EN DEPÓSITO: de ser o caso, recóllense os diferentes avais depositados no ente.

19º) CADRO DE FINANCIACIÓN ANUAL: presenta en termos de fluxo as variacións que se produciron durante o exercicio, e pon de manifesto os recursos obtidos, así como o emprego dado ós devanditos recursos.

20º) INFORMACIÓN ORZAMENTARIA: presenta os seguintes estados:

20.1 – EXERCICIO CORRENTE:

GASTOS

(Selo da Corporación) (Sinatura do Presidente) Folio N.º.....

Serie A N.º 1179817

ESTADO DE MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO: Presentará as modificacións autorizadas durante o exercicio de acordo co regulado pola IC, cunha suma total de 2.365.631,61 euros.

REMANENTES DE CRÉDITO: presenta de modo diferente a información xa contida no estado de liquidación orzamentaria.

EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE GASTO: entre eles recóllense todos aqueles proxectos de gasto que se levaron a través do módulo do programa contable e que as súas desviacións de financiamento supoñen parte dos axustes que se aplican nas magnitudes do resultado orzamentario e o remanente de tesourería.

ACREDORES POR OPERACIÓNS PENDENTES DE APLICAR Ó ORZAMENTO EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE GASTO: recóllese a descrición do gasto, aplicación orzamentaria á que se debera imputar, o seu importe e o importe pagado, no seu caso, a 31 de decembro.

INGRESOS

PROCESO DE XESTIÓN: Recolle información sobre os dereitos anulados, cancelados e sobre a recadación neta dos ingresos recoñecidos no orzamento presentando de modo diferente a información xa contida no estado de liquidación.

DEVOLUCIÓN DE INGRESOS: recóllese o pendente de pago a 1 de xaneiro, as súas modificacións, as recoñecidas no exercicio, o total de devolucións recoñecidas, as prescricións das mesmas, as pagadas no exercicio e os pendentes de pago.

COMPROMISOS DE INGRESOS: recóllese os incorporados de orzamentos pechados, os realizados no exercicio os realizados e os pendentes de realizar.

20.2 – EXERCICIOS PECHADOS

OBRIGAS DE ORZAMENTOS PECHADOS: para cada ano recóllese o pendente de pago a 1 de xaneiro, as súas modificacións, as recoñecidas no exercicio, o total de devolucións recoñecidas, as prescricións das mesmas, as pagadas no exercicio e os pendentes de pago.

DEREITOS A COBRAR DE ORZAMENTOS PECHADOS: para cada ano recóllese o pendente de pago a 1 de xaneiro, as súas modificacións, as recoñecidas no exercicio, o total de devolucións recoñecidas, as prescricións das mesmas, as pagadas no exercicio e os pendentes de pago.

Nunha segunda parte amosa tamén para cada ano os dereitos cancelados por cobro en especie, insolvencias e outras causas e por prescricións; a suma dos mesmos; a súa recadación e os pendentes de cobro a 31 de decembro.

VARIACIÓN DE RESULTADOS ORZAMENTARIOS DE EXERCICIOS ANTERIORES: pon de manifesto as diferencias dos resultados orzamentarios co ano anterior.

20.3 – EXERCICIOS POSTERIORES.

COMPROMISOS DE GASTO CON CARGO A ORZAMENTOS DE EXERCICIOS POSTERIORES: recolle a partida orzamentaria, a súa descrición e os anos á aplicar.

COMPROMISOS DE INGRESO CON CARGO A ORZAMENTOS DE EXERCICIOS POSTERIORES: recolle a partida orzamentaria, a súa descrición e os anos á aplicar.

20.4 - GASTOS CON FINANCIAMENTO AFECTADO: recolle os seus datos xerais, a partida, o gasto o seu coeficiente de financiamento afectado e as desviacións de financiamento.

20.5. - ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA:

1. Fondos líquidos na tesourería a final do exercicio.. 3.492.380,32

2. Dereitos pendentes de cobro:

1.1 Do Orzamento corrente.....2.010.279,12

1.2 De orzamentos pechados.....9.883.919,67

1.3 De operacións non orzamentarias.....24.814,24

(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva.....303.901,20

3. Obrigas pendentes de pago:

3.1 Do orzamento corrente.....1.933.347,60

3.2 Dos orzamentos pechados.....1.151.147,03

3.3 De operacións non orzamentarias.....562.598,14

(-) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva.....-21,75

I. Remanente de Tesourería total.....11.460.377,62

II. Saldos de dubidoso cobro.....9.705.450,24

III. Exceso de financiamento afectado.....1.511.918,32

REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS....+243.009,06 €

REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL..... +11.460.377,62 €

21) INDICADORES: divídense en indicadores financeiros e patrimoniais; en indicadores orzamentarios; e en indicadores de xestión.

22) ACONTECEMENTOS POSTERIORES Ó PECHE: infórmase de feitos ocorridos con posterioridade a data de peche e cuxo coñecemento considerase útil.

CONTAS ANUAIS DE RADIO REDONDELA, S.L.

A) BALANCE DE SITUACIÓN: Que expresa a composición e situación patrimonial da entidade o día do peche do exercicio; resulta cun total (ACTIVO e PASIVO) de:30.826,74 euros.

B) CONTA DE RESULTADOS: Que recolle os resultados do exercicio dende o punto de vista económico-patrimonial. Produciuse un beneficio de 1.979,77 € (mais ingresos que gastos).

C) ESTADO DE CAMBIO NO PATRIMONIO NETO: Presenta as seguintes cifras:

a) Estado total de cambios no patrimonio neto (capital): sen variacións (3.005,06 €).

b) Saldo axustado, inicio do exercicio 2012: presenta unha variación de -1.546,48 €.

c) Saldo axustado, final do exercicio 2012: presenta unha variación de -1.256,80 €.

D) ESTADO DE FLUJOS DE EFECTIVO: Presenta as seguintes cifras:

a) Aumento/Diminución neta do efectivo ou equivalentes: cunha variación positiva de 3.490,68 €.

b) Efectivo ou equivalentes ó comezo do exercicio: 7.621,16 €

c) Efectivo ou equivalentes ó final do exercicio: 10.446,46 €."

INTERVENCIÓNS

O concelleiro Blanco Pérez sinala que vai votar a favor e pide que se suba á páxina web. Indica que na memoria aparecen algúns indicadores económicos que non se xustifican en razón dos servizos que se prestan.

A concelleira Orge Pérez di que xa votaron a favor na comisión porque consideran que é un documento técnico, aínda que non estean de acordo cos gastos realizados.

O concelleiro Cabaleiro Couñago di que están a favor por tratarse dun documento técnico que se formula de acordo co orzamento. Nembargantes, consideran reprochable a forma de facer o gasto, dado que se deron moitos reparos por parte da Intervención e, por outra banda, teñen escaso contido social

A concelleira Alonso Alonso di que non procede o reproche posto que, efectivamente,, a conta xeral reflexa a execución do orzamento. Sinala que a data de presentación é o 15 de outubro.

(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º.....

Serie A N.º 1179818

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, o concello pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes, sendo vinte votos a favor (9 do PP, 8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) aprobou a conta xeral correspondente ao exercicio 2012.

E, non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a presente sesión, sendo as catorce horas e quince minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se redacta a presente acta, da que, como secretaria, dou fe.-

ACTA 18/2013

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 5 DE NOVEMBRO DE 2013

ORDE DO DÍA

1 APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS DÚAS ÚLTIMAS SESIÓNS.

2 DAR CONTA DO EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.

3 DAR CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO TERCEIRO TRIMESTRE DE ACORDO COA BASE 82 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

4 APROBACIÓN DUN RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL POR IMPORTE DE 3.907,43 €

5 REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS DE PRE-RECOLLIDA DOMICILIARIA UNIVERSAL DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, SOLICITADA POR URBASER

6 APROBACIÓN DA DISTRIBUCIÓN DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

7 CAMBIO DE FINALIDADE DOS INVESTIMENTOS

8 RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL Nº 02/13 INSTRUÍDO A INSTANCIA DE BEATRIZ VALLE GONZÁLEZ

9 BAIXA NO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS DUN TRAMO DE CAMIÑO BECERREIRA COSTIÑA EN SOUTUXUSTE

10 BAIXA NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DUN CAMIÑO EN SAN PEDRO-CESANTES.

11 ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO:

11.1 DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

11.2 MOCIÓNS

11.2.1 MOCIÓN DO BNG PARA ELIMINAR O COPAGAMENTO DE MEDICAMENTOS A PERSOAS DOENTES CRÓNICAS NON HOSPITALIZADAS NA SANIDADE PÚBLICA

11.2.2 MOCIÓN DO BNG PARA DEMANDAR A APLICACIÓN DE NOVOS CRITERIOS NO FINANCIAMENTO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL GALEGA

11.2.3 MOCIÓN DO BNG PARA INCREMENTAR O FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DOS CONCELLOS

11.2.4 MOCIÓN DO BNG DO DÍA DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES E CONTRA OS RECORTES NA PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

11.2.5 MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE AUMENTO DO CANON UNITARIO DE RESIDUOS DE SOGAMA (SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE)

11.2.6 MOCIÓN DO PSdeG-PSOE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL